

Novo diccionario Xerais e a poesía completa de Darío Xohán Cabana

■ Máis de corenta mil voces normativas, a inclusión de etimoloxía e, por vez primeira, a de láminas a toda cor son as principais novidades da nova edición do *Gran Diccionario Xerais da Lingua* que chegará estes días ás librerías galegas, segundo fontes da editorial.

Xerais anuncia tamén outras dúas obras lexicográficas como son o *Diccionario dos verbos galegos Laverca*, preparado por Manuel González e outros profesores da Escola Superior de Telecomunicacións da Universidade de Vigo, e o *Diccionario Tecnolóxico de Electricidade e Electrónica*, preparado por

Emilio Rodríguez Portabales. En Xerais Peto tamén sairá unha obra sobre a lingua que leva por título *A normalización lingüística*.

Vinte cadernos

Na colección poética de Xerais aparecerá toda a obra lírica de Darío Xohán Cabana baixo o título de *Vinte cadernos. Poemas 1969-2002*, sen dúbida unha obra que terá gran acoollida. Outras novidades neste apartado son *Damas negras*, unha antoloxía de música e poesía cantada por mulleres e *Unha tarde de traballo nos bosques do cânabo*, o último poe-